

PROXECTO DE ORDE do XX de XXX de 2022 pola que se crea a Rede de centros de simulación clínica avanzada do Sistema Público de Saúde de Galicia e a súa Comisión Técnica Asesora

O impulso da xestión do coñecemento e da formación dos profesionais do Sistema Público de Saúde de Galicia constitúe un obxectivo fundamental da Consellería de Sanidade. Para iso é preciso traballar baixo un prisma de aprendizaxe adaptativo, coa finalidade de permitir modificar os contidos e metodoloxías de formación e adaptalos ás necesidades do sistema de saúde, de acordo cos medios que podan existir en cada momento.

A simulación permite reproducir experiencias reais de pacientes a través de escenarios guiados e controlados, creando un contexto que imita algún aspecto da realidade e que establece situacións ou problemas similares aos que se enfrontan os/as profesionais durante as diferentes prácticas clínicas ou cirúrxicas.

A formación baseada na simulación é unha ferramenta docente cada vez mais importante que permite incrementar os niveis de capacitación e as competencias, especialmente nas habilidades clínicas, dos/as profesionais sanitarios/as dentro dunha contorna segura. Nos últimos anos vense producindo a nivel mundial unha aceleración no uso da simulación na formación, dada, precisamente, a importancia para os sistemas sanitarios de crear unha cultura de seguridade para os/as pacientes.

Doutra banda, os avances tecnolóxicos permiten o desenvolvemento de modalidades cada vez máis sofisticadas de simulación, dispoñéndose na actualidade de modelos complexos de alta tecnoloxía e altamente realistas.

A formación -ou o adestramento- baseada na simulación é unha ferramenta que permite diminuír a curva de aprendizaxe, pois permite repetir as técnicas todas as veces que sexa necesario. Permite, ademais, a aprendizaxe a través do erro, moi importante para poder reflexionar sobre o mesmo e poder corrixir os fallos clínicos ou de coordinación, simulando distintas experiencias prácticas, en distintas contornas, con maior ou menor complexidade. Do mesmo xeito, permite o desenvolvemento de capacidades superiores, como as competencias en comunicación grupal, discusión e xustificación de accións, traballo baseado en evidencia, xestión do estrés ou do razoamento clínico.

O desenvolvemento do coñecemento da simulación clínica require, cada vez máis, da cooperación e do traballo en rede, que permita compartir os recursos dispoñibles e facilite a súa especialización.

Por iso, para proporcionar o apoio necesario para que os/as profesionais sanitarios/as dispoñan de recursos que faciliten a mellora da calidade asistencial, docente e de investigación, a través da simulación clínica, se crea a Rede de centros de simulación clínica avanzada do Sistema Público de Saúde de Galicia.

Para seguir avanzando neste proceso de consolidación, considérase necesario crear, ademais, unha comisión de carácter técnico, na cal se incorporen os/as responsables das distintas áreas e centros sanitarios, que se encargarán de asesorar no desenvolvemento da rede e da súa actividade, así como de organizar e difundir o acceso aos recursos dispoñibles.

En consecuencia, de conformidade coas facultades que me confiren os artigos 34.6 e 38 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia,

ACORDO:

Artigo 1. *Obxecto*

1. O obxecto da presente orde é crear a Rede de centros de simulación clínica avanzada do Sistema Público de Saúde de Galicia, constituída polo conxunto de recursos de simulación a disposición da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde e que traballará na posta en común de medios e programas para a formación en simulación dos/as profesionais do Sistema Público de Saúde de Galicia.

2. Asemade, créase a Comisión Técnica Asesora da Rede de centros de simulación clínica avanzada do Sistema Público de Saúde de Galicia, que terá como finalidade o desenvolvemento e mellora continua dos programas formativos en simulación no ámbito do Sistema Público de Saúde de Galicia.

Artigo 2. Obxectivo da Rede de centros de simulación clínica avanzada do Sistema Público de Saúde de Galicia

O obxectivo da Rede de centros de simulación clínica avanzada do Sistema Público de Saúde de Galicia é facilitar aos/ás seus/súas profesionais programas formativos en simulación de relevancia para a súa labor na práctica clínica, compartindo recursos e favorecendo a unificación de criterios de formación.

Artigo 3. Finalidade

As principais finalidades da Rede de centros de simulación clínica avanzada do Sistema Público de Saúde de Galicia son:

- a) Facilitar o desenvolvemento dos plans de formación a través do emprego da simulación como ferramenta docente e de aprendizaxe.
- b) Favorecer, no proceso de formación sanitaria especializada, o acceso das persoas residentes en formación aos recursos da rede.
- c) Promover a organización conxunta dos recursos de simulación a disposición do Sistema Público de Saúde de Galicia, unificando criterios de formación e favorecendo a especialización e as sinerxias do traballo conxunto.
- d) Fomentar o uso da simulación como ferramenta para a formación e investigación na seguridade do/da paciente.
- e) Facilitar o intercambio de coñecemento entre os/as instrutores/as e os/as expertos/as en técnicas de simulación, actuando como foro de intercambio de información e experiencias entre os membros do grupo.

Artigo 4. Coordinadores/as de simulación clínica avanzada das Áreas Sanitarias do Servizo Galego de Saúde

1. En cada Área Sanitaria se designará, por cadansúa Xerencia, unha persoa coordinadora de simulación clínica avanzada, que será a responsable de asesorar ao seu equipo directivo sobre as necesidades neste ámbito, así como de establecer os criterios para o uso destes

recursos.

2. Cada Área Sanitaria do Servizo Galego de Saúde será responsable do mantemento dos recursos de simulación dispoñibles e das actualizacións que considere necesario efectuar neles.

Artigo 5. Funcións da Comisión Técnica Asesora

A Comisión Técnica Asesora desenvolverá as seguintes funcións:

- a) Asesorar no desenvolvemento e consolidación dunha política de formación en simulación clínica avanzada para todos os centros sanitarios do Sistema Público de Saúde de Galicia, coa finalidade de garantir a equidade e o acceso ao coñecemento dos/as seus/súas profesionais.
- b) Promover a relación e coordinación de todos os recursos de simulación clínica dos centros do Sistema Público de Saúde de Galicia.
- c) Prestar asesoramento sobre equipamentos e medios nos centros do Sistema Público de Saúde de Galicia.
- d) Realizar propostas concretas de actuacións para a mellora dos recursos de simulación clínica avanzada no Sistema Público de Saúde de Galicia.
- e) Organizar e difundir o acceso aos recursos dispoñibles, así como organizar actividades e promover o coñecemento das accións formativas programadas, en coordinación coas distintas Áreas Sanitarias.
- f) Coñecer as propostas de formación en simulación clínica avanzada no ámbito do Sistema Público de Saúde de Galicia, promovendo a participación dos/as profesionais.
- g) Aquelas outras funcións que lle sexan encomendadas.

Artigo 6. Adscrición e composición da Comisión Técnica Asesora

1. A Comisión Técnica Asesora da Rede de centros de simulación clínica avanzada do Sistema Público de Saúde de Galicia está adscrita á Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde.

2. A Comisión Técnica Asesora estará composta por un/unha presidente/a e ata un máximo de 14 vogais.

A Presidencia da comisión corresponderalle á persoa titular da Xerencia da Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde ou persoa na que aquela delegue.

Serán vogais natos/as as persoas que, no ámbito de cada Área Sanitaria, sexan designadas para desenvolver as funcións de coordinación das distintas actuacións en materia de simulación clínica avanzada, así como o/a titular da dirección da área encargada da docencia e formación da Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde.

Os/as demais vogais, ata o número máximo establecido, serán designados/as pola Presidencia da Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde. Dos/as ditos/as vogais, unha persoa será proposta pola dirección xeral con competencias en materia de asistencia sanitaria do Servizo Galego de Saúde, outra será proposta pola dirección xeral con competencias en materia de recursos humanos do Servizo Galego de Saúde, outra será proposta pola dirección xeral con competencias en saúde pública da consellería competente en materia de sanidade e outra será proposta pola Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia – 061.

3. O/A secretario/a da Comisión Técnica Asesora será designado/a pola Xerencia da Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde. No caso de non ser membro da comisión, actuará con voz, pero sen voto.

Artigo 7. Principio de presenza equilibrada

Na composición da comisión, sempre que sexa posible en atención á dispoñibilidade dos/as profesionais que a poden conformar, procurárase acadar unha presenza equilibrada de homes e mulleres.

Artigo 8. Funcións do presidente/a da Comisión Técnica Asesora

A persoa que exerza a Presidencia da Comisión Técnica Asesora da Rede de centros de simulación clínica avanzada do Sistema Público de Saúde de Galicia desempeñará as seguintes funcións:

- a) Exercer a súa representación.
- b) Manter a continuidade da comisión, coordinar as súas actividades e executar os acordos que se adopten.
- c) Acordar a convocatoria das reunións ordinarias e extraordinarias e a fixación da orde do día.
- d) Exercer cantas outras funcións sexan inherentes á súa condición de presidente/a, de acordo co disposto no artigo 16 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Artigo 9. *Funcionamento*

1. A Comisión Técnica Asesora da Rede de centros de simulación clínica avanzada do Sistema Público de Saúde de Galicia reunirse, con carácter ordinario, cada seis meses. Con carácter extraordinario poderá reunirse a iniciativa da súa Presidencia ou a iniciativa da terceira parte dos seus membros.
2. A comisión quedará validamente constituída coa asistencia das persoas que exerzan a Presidencia e a Secretaría e, como mínimo, da metade dos seus membros. O/a secretario/a poderá ser substituído/a por unha persoa suplente, de existir, ou por outro membro, designado para o acto de que se trate polos membros da comisión.
3. De cada reunión que se celebre elaborárase unha acta na que haberá de constar o lugar, data e hora de comezo e finalización da reunión, identificación das persoas asistentes, indicación dos asuntos tratados, dos acordos adoptados e, de ser o caso, o senso dos votos emitidos.
4. Ás sesións da comisión poderán asistir, con voz e sen voto, as persoas que se consideren necesarias por razón da súa especialidade, a iniciativa da Presidencia ou por acordo maioritario da propia comisión.
5. A Axencia Galega para a de Xestión do Coñecemento en Saúde facilitará os medios necesarios para a celebración das reunións.

Artigo 10. *Subcomisións*

A Comisión Técnica Asesora da Rede de centros de simulación clínica avanzada do Sistema Público de Saúde de Galicia poderá contar coas subcomisións sectoriais que sexan necesarias para o desenvolvemento dos seus fins. A composición e funcionamento destas subcomisións serán acordados polo pleno da Comisión Técnica Asesora.

Artigo 11. *Réxime supletorio*

En todo o non previsto nesta orde aplicarase o disposto nos preceptos básicos sobre órganos colexiados da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e na sección 3ª do capítulo I, do título I da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Disposición adicional única. *Crédito orzamentario*

A posta en marcha e funcionamento da Rede de centros de simulación clínica avanzada do Sistema Público de Saúde de Galicia e da súa Comisión Técnica Asesora, de conformidade co regulado nesta orde, non xerará aumento dos créditos orzamentarios asignados á Consellería de Sanidade, ao Servizo Galego de Saúde nin á Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde.

Disposición derradeira primeira. *Execución*

Facúltase á Xerencia da Axencia Galega para a de Xestión do Coñecemento en Saúde para adoptar as medidas necesarias para a aplicación do disposto nesta orde.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor*

Esta orde entrará en vigor aos vinte días da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, xx de xxx de 2022

Julio García Comesaña

Conselleiro de Sanidade